

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 12

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 30 de MAIO de 2005, ás OITO HORAS E TRINTA MINUTOS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Actas anteriores. (Sesión 28.02.05, sesión extrord. e urxente de 28.02.05 e sesión ordinaria 01.04.05)

URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- 2.- Aprobación definitiva da modificación do Estudo de Detalle da U.A. 11 As Roteas en Oia. (Expte. 8962/411).
- 3.- Modificación do Estudo de Detalle entre as rúas Pedro Alvarado, Purificación Saavedra e Enrique Lorenzo.- Desestimación. Expte. 8643/411.
- 4.- Posta a disposición de terreos a favor da Xunta de Galiza para a construción dun cuarto hospital en Vigo.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 5.- Establecemento da xestión indirecta mediante concesión administrativa como a forma de presentación do servizo público de mantemento e conservación das instalacións do alumeadado público. Expte. 11257/444.
- 6.- Desestimación da solicitude de rectificación do Inventario Municipal en relación co camiño de A Chadiña. Expte. 17013/240

MOCIÓNS

- 7.- Moción do Grupo Político Municipal de PG sobre a remodelación da Av. de Madrid.
- 8.- Moción do Grupo Político Municipal de PG sobre establecer outra quenda no Posto de Inspección Fronteriza (PIF) no Porto de Vigo.
- 9.- Moción do Grupo Político Municipal de BNG sobre cumprimento do convenio de cancelación da débeda Concello-Autoridade Portuaria.
- 10.- Moción do Grupo Político Municipal do BNG, sobre iluminación rotonda Camiño do Portal.
- 11.- Moción do Grupo Político Municipal do BNG, sobre actuacións no camiño da Fonte Santa
- 12.- Moción do Grupo Político Municipal do BNG, instando á negociación coa Xunta de Galiza para a xestión dos comedores escolares.
- 13.- Moción do Grupo Político Municipal do BNG, instando ó Pleno da Corporación á felicitación ós Maxistrados da Audiencia de Pontevedra e

- para que se soliciten do Goberno cambios na lexislación relacionados co carrexo de votos.
- 14.- Moción do Grupo Político Municipal do BNG, sobre instar á Consellería de Sanidade a manter en funcionamento durante o verán todas as camas hospitalarias da área de Vigo.
 - 15.- Moción do Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE sobre a elaboración dunha guía de cláusulas sociais para a súa inclusión nos procesos de contratación do Concello.
 - 16.- Moción do Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE sobre a oferta de emprego público correspondente ó ano 2003.
 - 17.- Moción conxunta dos grupos municipais do PG, BNG e PSdeG-PSOE, sobre incumprimento dos acordos plenarios.
 - 18.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ordinaria no salón de Plenos **ás oito horas e trinta minutos** do día 30 de maio, para resolver los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

rs

Vigo, 26 de maio de 2005

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.